

Anselmo López Carreira: “A Reconquista é un termo ideolóxico e, dende a perspectiva galega, absurdo”

[Redacción](#) · 4 Xan 2022

<https://historiadegalicia.gal/2022/01/2a-anselmo-lopez-carreira-historiador-a-reconquista-e-un-termo-ideoloxico-e-dende-a-perspectiva-galega-absurdo/>

Nesta segunda parte da entrevista, Anselmo López Carreiro aborda a “ideoloxización” que a historiografía española fixo da historia galega, especialmente, no relativo a etapas como a Reconquista. [Na primeira parte da entrevista con Historia de Galicia](#) abordou os límites e importancia do Reino de Galicia na Idade Media.

Que era Galicia durante o reino visigodo?

Galicia vai ser incluída na monarquía por Leovixildo, pero sempre vai manter unha entidade propia marcada e moi recoñecida. Non é estrano que nas magnas assembleas do Reino Visigodo, que eran os concilios que é onde se establece todo o corpus xurídico e legal, que se especifique que tales decisións van ser de aplicación en Hispania, Galia e Gallaecia. Vai ser unha provincia do reino Visigodo que mantén a súa identidade.

E que pasou coa chegada dos musulmáns?

Algunha expedición puido chegar de maneira moi efémera ao que algunha crónica musulmá chama “os límites de Galicia”. En todo caso, foi un chegar e marchar, aquí non houbo establecemento. A situación na que queda Galicia cando se derruba o reino Visigodo descoñécemola porque non hai documentación da que botar man. As poucas testemuñas que aparecen por aí da sensación que en vez dun reino cun rei, hai unha fragmentación política de diversos señoríos que pouco a pouco vanse unificando arredor dun deles que acabará sendo o que resida en Oviedo.

Polo tanto non houbo “Reconquista” en Galicia.

A Reconquista é un termo totalmente ideolóxico, o que eu chamo un ideoxema, porque reconquistase o que antes foi dun, pero claro pensar que os Reis Católicos chegan a reconquistar o que 800 anos antes fóra seu, é absurdo. É unha típica visión ideolóxica, usar a historia como un artefacto ideolóxico. Ademais, dende unha perspectiva galega é absurdo. Aquí nin se recuperou, posto que nunca foi ocupado, nin se repoboou, porque sempre estivo poboado.

Por que se segue ensinando esa historiografía española chea de tópicos nas escolas e institutos?

Porque foi adoptada como oficial nos programas escolares que decidían os ministerios, polo que son claramente políticos. Recollen unha narrativa que é parte integrante á construción do Estado liberal dende o século XIX. Trátase de dotar a unha entidade política que é o Estado de elementos de cohesión moi fortes de nación. Polo tanto, van querer dotalos duns elementos moi fortes que crean a cohesión que procede da propia historia. A historia non entra na discusión democrática. O modelo de España é intocable, non é un elemento que estea a mercé da política, senón que procede da historia e da providencia.

A ideoloxía determina o traballo dun historiador?

O historiador ten tanta ideoloxía como calquera outra persoa e transmítese o traballo. Unha cousa é o desexo de que a ideoloxía non contamine o teu traballo de investigación e outra que non o condicione. Por exemplo, a ideoloxía determina o campo do teu interese no momento de iniciar a investigación. Unha vez escolles un campo na túa investigación, estás en función das fontes e hai que ser honesto coas fontes. A aplicación do traballo é algo propio da persoa como cidadán.